



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes  
Expediente: 2021000049719

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2022-ÁREA DE AUDIOVISUAIS

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 33892 , do 1 de agosto de 2022, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2022-Área de audiovisuais e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes alegacións e emendas:

### \***Ángela María Andrada Gómez**

Con data do 06 de agosto presentou escrito solicitando aclaración e revisión da súa puntuación no apartado do proxecto. O tribunal emitiu informe contestando as alegacións e confirmando a puntuación acadada por Ángela María Andrada Gómez, que lle foi notificado á interesada o 31 de agosto de 2022.

### \* **Alba Domínguez Pena**

Con data do 13 de agosto presentou escrito manifestando a existencia dun erro no nome do seu proxecto, indicando que esta intercambiado co proxecto correspondente a Iria Vilas Iglesias polo que procede a súa corrección.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

### **RESOLVO:**

- 1.- Desestimar** as alegacións presentadas por Ángela María Andrada Gómez.
- 2.- Modificar** os títulos dos proxectos das bolsas concedidas a Alba Domínguez Pena e Iria Vilas Iglesias.
- 3.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** DOMÍNGUEZ PENA, ALBA

**NIF:** \*\*\*5892\*\*

**Expediente:** 2022000021533

**Obxecto da bolsa:** Curso de Realización Documental y Cine No Ficción en La Casa del Cine, Escuela de Teoría y Dirección Cinematográfica, Barcelona.

**Importe da bolsa:** 10.000 €

**Titular da bolsa:** IRIA VILAS IGLESIAS

**NIF:** \*\*\*3004\*\*

**Expediente:** 2022000021265

**Obxecto da bolsa:** Máster en Práctica, Historia y Teoría de la Fotografía. Segundo año. (M2 Photographie) e Master de creación dixital da Universidade da Sorbona (Paris VIII)  
**Importe da bolsa:** 10.000 €

**4.- Dispor** o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220220005746, por importe total de 20.000 €

**5.- Nomear suplentes** ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1 : Méndez Martínez, Mauro

Suplente 2 : Andrada Gómez, Ángela María

**6.- Publicar** a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.